

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/06/2019 13:53:59

[REDACTED]

[REDACTED]

SAIDA

7332/19

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 079/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 15 de abril de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** D. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15/04/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, referente aos requirimentos realizados pola Xunta de Galicia ás universidades galegas e a súa contestación, en relación con títulos universitarios que poderían ter sido expedidos sen as garantías necesarias.

O reclamante indicaba que non recibira resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude e do seu DNI.

**Segundo:** Con data do 23 de maio de 2019, o interesado presenta escrito de renuncia á súa reclamación por ter obtido resposta por parte da Xunta de Galicia.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que

criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente en prazo, polo que polo que debe admitirse a reclamación presentada.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Con data do 23 de maio de 2019, o interesado presenta escrito de renuncia á súa reclamación por ter obtido resposta por parte da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todo interesado poderá desistir da súa solicitude por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo

que, acudíndose no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

De acordo co anterior, e non constando a existencia de terceiros interesados, procede aceptar a renuncia á reclamación presentada e declarar concluído o procedemento.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Único:** Arquivar por desestimento, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 15 de maio de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, referente aos requirimentos realizados pola Xunta de Galicia ás universidades galegas e a súa contestación, en relación con títulos universitarios que poderían ter sido expedidos sen as garantías necesarias

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019



Milagros Otero Parga  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**